

O exercicio público da prestación da asistencia sanitaria non se pode ver afectado gravemente polo lexítimo dereito do exercicio de folga, xa que aquel é considerado e recoñecido prioritariamente en relación a este.

O artigo 3 do citado decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde, e diante cada situación de folga, decidan o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, así como para determinar o persoal necesario para a súa prestación.

Convocada folga que afecta o persoal da empresa *Galaimantsa, S.L.*, contratada no Servizo de Electromedicina do Complexo Hospitalario de Pontevedra, que se iniciara ás 8.00 horas do día 3 de agosto de 2005, con carácter indefinido, oído o comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A folga convocada na empresa *Galaimantsa, S.L.*, contratada no Servizo de Electromedicina do Complexo Hospitalario de Pontevedra, que se iniciara ás 8.00 horas do día 3 de agosto de 2005, con carácter indefinido, enténdese condicionada ao mantemento dos servizos mínimos necesarios en adecuada correspondencia cos criterios rectores que se explicitan neste artigo, quedando a súa fixación debidamente motivada no expediente.

Os servizos mínimos que se fixan resultan totalmente imprescindibles para manter a necesaria cobertura asistencial nos servizos afectados, para evitar que se produzan graves prexuízos aos usuarios; tendo en conta ademais que a folga é con carácter indefinido e ten incidencia ao longo de toda a xornada.

As actividades que se realizarían serían:

- As revisións preventivas mínimas.
- O correctivo surxido.

Ambos servizos son necesarios para non producirse unha desatención total do centro nos equipos e áreas críticas e imprescindibles.

Tales mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga coa atención aos usuarios que, baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos, polas características do servizo dispensado.

Con tales premisas, os medios persoais necesarios serían os seguintes:

- Hospital Montecelo/quenda de mañá: 1 técnico.
- Hospital Provincial/quenda de mañá: 1 técnico
- Hospital Montecelo e Provincial/quenda de tarde: 1 técnico.

-Fóra da xornada habitual de presenza física, o servizo localizado que se vén prestando normalmente.

Artigo 2º

A designación nominal, con carácter rotatorio, do persoal que deberá cubrir o servizo será determinada pola empresa, procedéndose á súa publicación nos taboleiros de anuncios do centro de traballo e notificada aos profesionais designados.

O profesional designado que desexe exercer o seu dereito de folga poderá instar a substitución da súa designación por outro profesional que voluntariamente acepte o cambio de maneira expresa.

Artigo 3º

Os paros e alteracións no traballo por parte do persoal necesario para o mantemento dos servizos mínimos serán considerados ilegais para os efectos do establecido no artigo 16.1º do Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo).

Artigo 4º

O disposto nos artigos anteriores non significará ningún tipo de limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga recoñece o persoal nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos centros sanitarios.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2005.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Decreto 209/2005, do 14 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito nacional, as comunidades autónomas

teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

Facendo uso destas facultades e ao coincidir en domingo o 1 de xaneiro, Aninovo, considérase oportuno substituír o descanso laboral correspondente á dita festividade, incorporando á relación de festas da nosa comunidade autónoma para o ano 2006, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, que pola súa significación xa foi implantada como festa laboral noutras ocasións, seguindo deste xeito o criterio de manter unha certa estabilidade na determinación do calendario anual para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura.

En virtude do establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, oído o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do catorce de xullo de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non producirse modificación no calendario laboral de carácter nacional, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 serán as seguintes:

6 de xaneiro: Epifanía do Señor.

13 de abril: Xoves Santo.

14 de abril: Venres Santo.

1 de maio: Festa do Traballo.

17 de maio: Día das Letras Galegas.

25 de xullo: Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia.

15 de agosto: Asunción da Virxe.

12 de outubro: Festa Nacional de España.

1 de novembro: Todos os Santos.

6 de decembro: Día da Constitución Española.

8 de decembro: Inmaculada Concepción.

25 de decembro: Natividade do Señor.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á

Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo delegado da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en cada unha das provincias da comunidade autónoma, por proposta do pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas no artigo 1º terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos a partir do día un de xaneiro do ano dous mil seis.

Santiago de Compostela, catorce de xullo de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Resolución do 1 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión de táboas salariais do ano 2004 no convenio colectivo para o sector do transporte de mercadorías por estrada da provincia de Lugo.

Visto o acordo de aprobación das táboas salariais para o ano 2004 do convenio colectivo de sector do transporte de mercadorías por estrada da provincia de Lugo, que foi asinado o día 6 de maio de 2005 pola representación da *Asociación de Transportes Discrecionales de Mercancías por Carretera* (Tradime), *Asociación de Empresarios de Agencias de Carga Fraccionada*, *Asociación de Empresarios de Agencias de Carga Completa* e das centrais sindicais UGT (40%), CCOO (37,1%) e CIG (27,3%), e de conformidade co disposto no artigo 90, puntos 2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.